

CERTAME DE POESÍA INFANTIL “ NADAL 2023 ”

CONVOCATORIA LOCAL

Ao igual que en anos anteriores , a biblioteca pública municipal de Lugo convocou o CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2023”, no que participa tamén a Biblioteca pública municipal de Outeiro de Rei, coas seguintes bases.

BASES :

1.-Participantes: poderán participar tódolos neno ou nena, chico ou chica ata os 16 anos.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, e C, de 12 a 16 anos.

2.-Tema: O Nadal

3.- Lingua: os poemas estarán redactados en galego.

- Extensión: terán unha extensión máxima de un folio por unha soa cara. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis

-Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe coa súa correspondente folla de datos cumplimentada en letra maiúscula lexible. Os datos identificativos irán na folla de datos, nunca no traballo presentado.

4.-O prazo de presentación dos poemas rematará o 22 de decembro de 2023, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

5.-Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos e un máximo de dous accésit por categoría. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma, lote de libros e agasallo.

6.-Fase provincial: Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura , Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

7.-Fallo: O fallo do xurado local farase público no mes de xaneiro do 2024.

8.-Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9.-Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10.-A presentación das obras a este certame suponen a aceptación das presentes bases.